

Sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local do 21 de decembro de 2017

CONCELLEIROS/AS ASISTENTES:
Yolanda Bouzas Alfonsín.
José Luis Sampedro Bouzas.
José Pedro Cambón Fernández.
Francisco Javier Blanco Sánchez.

Na Alcaldía da Casa do Concello de Brión, ás 13,30 (con retraso) horas do 21 de decembro de 2017, reuníronse en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as membros da Xunta de Goberno Local deste concello que se relacionan, para celebraren sesión extraordinaria.

Preside o señor alcalde José Luis García García e asiste como secretario Javier Nieves González, secretario do concello.

Ábrese a sesión cos seguintes asuntos:

- 1º.- Acta anterior correspondente ao día 5 de decembro de 2017.
- 2º.- Comunicaci3ns previas (obras menores).
- 3º.- Licenzas de obra menor.
- 4º.- Licenzas de obra maior.
- 5º.- Cambio de titularidade de licenza de obra maior.
- 6º.- Licenza de primeira ocupaci3n.

PRIMEIRO.- ACTA ANTERIOR CORRESPONDENTE AO DÍA 5 DE DECEMBRO DE 2017.

Ac3rdase por unanimidade a aprobaci3n da acta da xunta anterior do d3a 5 de decembro de 2017.

SEGUNDO.- COMUNICACI3NS PREVIAS (OBRAS MENORES).

a) Deuse conta dunha comunicaci3n previa asinada por MARIA CELIA PAZOS SOAGE, con domicilio en Beca 15, Bastavales, na que comunica que vai construír un galp3n de 32 m², con cuberta de tella, en Beca 15, Bastavales.

A parcela onde se pretenden executar as obras at3pase dentro da 3rea de solo de n3cleo rural consolidado pola edificaci3n (NRL-1).

A Xunta de Goberno Local, 3 vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coa condici3n de que se sitúe como m3nimo a 3 metros dos l3ndeiros laterais, posteriores e das edificaci3ns existentes.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

b) Deuse conta dunha comunicaci3n previa asinada por JOSE LUIS VAZQUEZ LEIS, con domicilio na R3a Ram3n 3lvarez de Braña 5, 2ºF, Noia, na que comunica que vai realizar obras de substituci3n da tella existente por outra nova, na vivenda de San3n 20, Os 3nxeles, sen incrementar a altura, o volume, nin actuar sobre a estrutura actual.

A parcela onde se pretenden executar as obras at3pase dentro do 3mbito de solo clasificado como solo de n3cleo rural (NRL-1).

A Xunta de Goberno Local, 3 vista do informe favorable da arquitecta municipal, e do escrito do Servizo de Patrimonio Cultural, da Conseller3a de Cultura, Educaci3n e Ordenaci3n Universitaria, de data 12/12/2017 (expediente 2244/17), na que comunica que as obras solicitadas non precisan autorizaci3n previa en materia de patrimonio cultural toda vez que non se poñen en risco os valores culturais protexidos, por unanimidade, acorda tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

Xírananse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

c) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por MANUEL TURNES PONTE, con domicilio en Mourentans 25, Viceso, na que comunica que vai reparar a cuberta da vivenda de Mourentáns 25, Viceso, substituíndo as tellas vellas por outras novas.

A parcela onde se pretenden executar as obras atópase dentro do ámbito de solo clasificado polo PXOM como solo de núcleo rural (NRO-1).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, e do escrito do Servizo de Patrimonio Cultural, da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, de data 12/12/2017 (expediente 2308/17), na que comunica que as obras solicitadas non precisan autorización previa en materia de patrimonio cultural toda vez que non se poñen en risco os valores culturais protexidos, por unanimidade, acorda tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

Xírananse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

d) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por PURIFICACION TOME MARTINEZ, con domicilio en Mourentáns 22, Viceso, na que comunica que vai realizar obras de picado, lavado e encintado do exterior da vivenda de Mourentáns 22, Viceso.

A parcela onde se pretenden executar as obras atópase dentro da delimitación do solo de núcleo rural en área consolidada pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº 9 (NRO-1) do PXOM.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, e do escrito do Servizo de Patrimonio Cultural, da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, de data 12/12/2017 (expediente 2242/17), na que comunica que as obras solicitadas non precisan autorización previa en materia de patrimonio cultural toda vez que non se poñen en risco os valores culturais protexidos, por unanimidade, acorda tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coa condición de que se empreguen cores brancas ou claras.

Xírananse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

e) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por RICARDO PEREZ BELLON, con domicilio en Pousada 10, Viceso, na que comunica que vai reparar a cuberta da vivenda de Pousada 10, Viceso, substituíndo as tellas vellas por outras novas.

A parcela onde se pretenden executar as obras atópase dentro da delimitación do solo de núcleo rural en área consolidada pola edificación (NRO-1).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, e do escrito do Servizo de Patrimonio Cultural, da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, de data 12/12/2017 (expediente 2341/17), na que comunica que as obras solicitadas non precisan autorización previa en materia de patrimonio cultural toda vez que non se poñen en risco os valores culturais protexidos, por unanimidade, acorda tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

Xírananse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

f) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por ROSA MARIA ALVAREZ GOMEZ, con domicilio en Praza Santo Antonio 4, Os Ánxeles, na que comunica que vai reparar a cuberta da vivenda da Praza de Santo Antonio 4, Os Ánxeles, substituíndo as tellas vellas por outras novas.

A parcela onde se pretenden executar as obras atópase dentro da delimitación do solo clasificado como solo urbano consolidado pola edificación (UC2), séndolle de aplicación a ordenanza 2.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, e do escrito do Servizo de Patrimonio Cultural, da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, de data 12/12/2017 (expediente 2243/17), na que comunica que as obras solicitadas non precisan autorización previa en materia de patrimonio cultural toda vez que non se poñen en risco os valores culturais protexidos, por unanimidade, acorda tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

Xírananse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

g) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por FATIMA BLANCO VEGA, con domicilio en Guitiande 67, Os Ánxeles, na que comunica que vai construír unha piscina soterrada en Guitiande 67, Os Ánxeles.

A parcela onde se pretenden executar as obras atópase dentro da delimitación do solo clasificado como solo de núcleo rural (NRL-2).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coa condición de que a piscina se sitúe como mínimo a 3 metros dos lindeiros. Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

TERCEIRO.- LICENZAS DE OBRA MENOR.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por ANA ELVIRA SANCHEZ PEREIRA, con domicilio en Gronzo 38, Brión, na que solicita licenza de obras para abrir unha zanja de 50 metros pola cuneta, para ampliar e arranxar unha tubería de abastecemento de auga, no lugar de Gronzo, Brión.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- Deberá repoñerse o pavimento dos viais nas mesmas condicións técnicas en que se atopa actualmente e non se poden causar danos á vía pública, debendo responder, en calquera caso o promotor, dos danos que se poidan producir sobre os elementos ou servizos públicos existentes.
- Deberá comunicar ao concello o día no que vai proceder a realizar a obra para poder efectuar a visita por parte do departamento de obras.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais

b) Deuse conta dunha instancia presentada por Antonio Blanco Costoya, que di actuar en representación de YPGAL CONSTRUCTORA S.L., con domicilio na Choupana 11, Baixo, Santiago, na que solicita licenza de obras para abrir unha zanja de 4 metros atravesando a estrada, para a acometida de pluviais ata o pozo existente, na Rúa Tarrío 3, Brión.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- Deberá repoñerse o pavimento dos viais nas mesmas condicións técnicas en que se atopa actualmente e non se poden causar danos á vía pública, debendo responder, en calquera caso o promotor, dos danos que se poidan producir sobre os elementos ou servizos públicos existentes.
- Deberá comunicar ao concello o día no que vai proceder a realizar a obra para poder efectuar a visita por parte do departamento de obras.
- Como garantía, imponse un aval bancario ou fianza en metálico por importe de 100,00 €, que deberá presentar no concello, con anterioridade á expedición da licenza.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais

c) Deuse conta dunha instancia presentada por Marcos Lorenzo Gómez, que di actuar en representación de KAREKENA SL, con domicilio en Avd. García Barbón 101, Vigo, na que solicita licenza de obra para colocar na beirarrúa tres postes de madeira, para colocar o tendido eléctrico de forma provisional, en Babenzo, Bastavales.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- Deberá repoñerse o pavimento dos viais nas mesmas condicións técnicas en que se atopa actualmente e non se poden causar danos á vía pública, debendo responder, en calquera caso o promotor, dos danos que se poidan producir sobre os elementos ou servizos públicos existentes.
- Os postes deberán situarse na parte máis interior da beirarrúa e máis alonxada da estrada, de forma que non impidan o tránsito normal dos transeúntes.

- Como garantía, imponse un aval bancario ou fianza en metálico por importe de 100,00 €, que deberá presentar no concello, con anterioridade á expedición da licenza. Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais

CUARTO.- LICENZAS DE OBRA MAIOR

a) Deuse conta dunha instancia presentada por MERCEDES FERREIRO MIRAS, con domicilio en Rúa Madrid 41 Portal 6, 1º C, As Fontiñas, Santiago, de solicitude de licenza para construír unha vivenda unifamiliar, en Vioxo de Abaixo 20, Luaña, segundo proxecto básico e de execución redactado polo arquitecto José Ángel Santos Ferro, visado no Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 23/06/2017 e documentación complementaria visada o 08/11/2017 e o 14/11/2017.

A parcela onde se pretenden executar as obras (referencia catastral 1739404NH2414S0001XQ) atópase clasificada como solo de núcleo rural para áreas non consolidadas pola edificación (NRO-2). A Xunta de Goberno Local, á vista dos informes favorables emitidos pola arquitecta municipal e polo asesor xurídico urbanístico do concello, acorda por unanimidade, conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- A obra deberá axustarse estritamente ao proxecto básico e de execución redactado polo arquitecto José Ángel Santos Ferro, visado no Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 23/06/2017 e documentación complementaria visada o 08/11/2017 e o 14/11/2017.

- Como garantía da urbanización do espazo de cesión que implica a pavimentación dese espazo e a execución das conexións coas redes de servizo existente no núcleo (abastecemento, saneamento, pluviais e alumeadado público), imponse un aval bancario ou fianza en metálico por importe de 900,00 €, que o interesado deberá presentar no concello con carácter previo á expedición da licenza urbanística.

- Esta licenza non é válida para a execución dos muros de peche de parcela, co cal, haberá de realizarse unha nova solicitude de licenza a tales efectos.

- Nas obras que se executasen sen licenza ou con inobservancia das súas condicións serán sancionadas por infracción urbanística as persoas físicas ou xurídicas responsables delas en calidade de promotor das obras, propietarios dos terreos ou empresario das obras, e os técnicos redactores do proxecto e directores das obras.

- Se o director da obra deixa de actuar nela debe poñelo en coñecemento do concello no prazo de 3 días, mediante oficio debidamente visado polo colexio oficial. O propietario está obrigado a nomear seguidamente un novo facultativo, comunicándoo por escrito ao concello mediante a oportuna folla de encargo, tamén visada. De non cumprirse este trámite, a alcaldía ordenará a inmediata suspensión das obras.

- Será requisito indispensable dispor a pé de obra de copia autorizada da licenza municipal e a colocación dun cartel indicador no que se faga constar o nome e os apelidos dos técnicos directores e do contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución, o número de plantas autorizadas e o número de expediente.

- Os prazos de iniciación, interrupción máxima e finalización das obras, de acordo co establecido no artigo 145 da Lei 2/2016, do solo de Galicia: seis meses para iniciar, seis meses de interrupción e tres anos para rematar a obra, contados os de inicio e remate desde o día seguinte ao da notificación ao interesado do outorgamento da licenza.

.- Durante a execución da obra adoptaranse todas as medidas de seguridade e saúde laboral establecidas na normativa vixente, tanto respecto á edificación como á vía pública.

.- Os escombros e provisións de materiais non poderán amorearse na vía pública.

- Dará cumprimento ao artigo 4.c do Real Decreto 105/2008, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, referente ás obrigas do produtor de residuos de construción e demolición: dispoñer da documentación que acredite que os residuos de construción e demolición realmente producidos nas súas obras foron xestionados, no seu caso, na obra ou entregados a unha instalación de valorización ou de eliminación para o seu tratamento por xestor de residuos autorizado.

- Unha vez rematadas as obras deberá solicitar a correspondente licenza de primeira ocupación da totalidade do edificado (artigo 42.1 da Lei 8/2012 de vivenda de Galicia e artigo 142.2.g) da Lei 2/2016 do solo de Galicia).

Asemade, acórdase tamén por unanimidade, consonte co informe da arquitecta municipal, a aceptación da cesión efectuada de 19,65 m² para ampliación de viais, previstos no artigo 24.2 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, que se formulou en documento administrativo con data 12 de decembro de 2017.

Xíranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

b) Deuse conta dunha instancia presentada por ADRIAN BLANCO VAAMONDE e ANA RITA PAIXAO PERU, con domicilio en Soigrex 16, Bastavales, de solicitude de licenza para construír unha vivenda unifamiliar, en Bemil 37, Bastavales, segundo proxecto básico e de execución redactado polo arquitecto Jesús M. Carrillo Pena, visado no Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 09/05/2017 e documentación complementaria presentada no concello o 07/11/2017 (r.e.4640) e o 17/11/2017 (r.e. 4807).

A parcela onde se pretenden executar as obras (referencia catastral 7110960NH2471S0001RB) atópase dentro da área de solo de núcleo rural para áreas non consolidadas pola edificación (NRL-2), séndolle de aplicación a ordenanza nº 8 do PXOM.

A Xunta de Goberno Local, á vista dos informes favorables emitidos pola arquitecta municipal e polo asesor xurídico urbanístico do concello, acorda por unanimidade, conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- A obra deberá axustarse estritamente ao proxecto básico e de execución redactado polo arquitecto Jesús M. Carrillo Pena, visado no Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 09/05/2017 e documentación complementaria presentada no concello o 07/11/2017 (r.e.4640) e o 17/11/2017 (r.e. 4807).

- Como garantía da urbanización do espazo de cesión que implica a pavimentación dese espazo e a execución das conexións coas redes de servizo existente no núcleo (abastecemento, saneamento, pluviais e alumeadado público), imponse un aval bancario ou fianza en metálico por importe de 900,00 €, que o interesado deberá presentar no concello con carácter previo á expedición da licenza urbanística.

- Esta licenza non é válida para a execución dos muros de peche de parcela, co cal, haberá de realizarse unha nova solicitude de licenza a tales efectos.

- Nas obras que se executasen sen licenza ou con inobservancia das súas condicións serán sancionadas por infracción urbanística as persoas físicas ou xurídicas responsables delas en calidade de promotor das obras, propietarios dos terreos ou empresario das obras, e os técnicos redactores do proxecto e directores das obras.

- Se o director da obra deixa de actuar nela debe poñelo en coñecemento do concello no prazo de 3 días, mediante oficio debidamente visado polo colexio oficial. O propietario está obrigado a nomear seguidamente un novo facultativo, comunicándoo por escrito ao concello mediante a oportuna folla de encargo, tamén visada. De non cumprirse este trámite, a alcaldía ordenará a inmediata suspensión das obras.

- Será requisito indispensable dispor a pé de obra de copia autorizada da licenza municipal e a colocación dun cartel indicador no que se faga constar o nome e os apelidos dos técnicos directores

e do contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución, o número de plantas autorizadas e o número de expediente.

- Os prazos de iniciación, interrupción máxima e finalización das obras, de acordo co establecido no artigo 145 da Lei 2/2016, do solo de Galicia: seis meses para iniciar, seis meses de interrupción e tres anos para rematar a obra, contados os de inicio e remate desde o día seguinte ao da notificación ao interesado do outorgamento da licenza.

- Durante a execución da obra adoptaranse todas as medidas de seguridade e saúde laboral establecidas na normativa vixente, tanto respecto á edificación como á vía pública.

- Os escombros e provisións de materiais non poderán amorearse na vía pública.

- Dará cumprimento ao artigo 4.c do Real Decreto 105/2008, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, referente ás obrigas do produtor de residuos de construción e demolición: dispoñer da documentación que acredite que os residuos de construción e demolición realmente producidos nas súas obras foron xestionados, no seu caso, na obra ou entregados a unha instalación de valorización ou de eliminación para o seu tratamento por xestor de residuos autorizado.

- Unha vez rematadas as obras deberá solicitar a correspondente licenza de primeira ocupación da totalidade do edificado (artigo 42.1 da Lei 8/2012 de vivenda de Galicia e artigo 142.2.g) da Lei 2/2016 do solo de Galicia).

Asemade, acórdase tamén por unanimidade, consonte co informe da arquitecta municipal, a aceptación da cesión efectuada de 302 m² para ampliación de viais, previstos no artigo 24.2 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, que se formulou en documento administrativo con data 5 de decembro de 2017.

Xíranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

QUINTO.- CAMBIO DE TITULARIDADE DE LICENZA DE OBRA MAIOR.

a) Deuse conta dun escrito presentado Marcos Lorenzo Gómez, que di actuar en representación de KAREKENA SL, con domicilio en Avd. García Barbón 101, Vigo, no que comunica o cambio de titularidade da licenza de obra maior para a construción de 8 vivendas unifamiliares encostadas e 12 vivendas colectivas en dous bloques de edificación aberta, en Babenzo, Bastavales, concedida en Xunta de Goberno Local o 16/02/2007 a Promociones Claudio Martínez SL.

A Xunta de Goberno Local toma coñecemento da comunicación efectuada poñendo a licenza de obra maior para a construción de 8 vivendas unifamiliares encostadas e 12 vivendas colectivas en dous bloques de edificación aberta, en Babenzo, Bastavales, a nome de KAREKENA SL, con CIF: B-36988350.

SEXTO.- LICENZA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por MARIA DEL PILAR LOPEZ FREIRE, con domicilio en C/Francisco López García 40-2º, Melide, na que solicita licenza de primeira ocupación para unha vivenda unifamiliar situada en Guitiande 69, Os Ánxeles.

Con data 03/05/2016 a Xunta de Goberno Local concedeulle licenza a Mª del Pilar López Freire, para construír a vivenda unifamiliar.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido pola arquitecta municipal e do certificado final de dirección de obra dos arquitectos Santiago Rodríguez Alcalá e Ricardo López López, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 19/12/2017, acorda por unanimidade conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros. Xíranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

O Sr. Alcalde declara rematado o acto, e a sesión foi levantada sendo as 13,45 horas, procedéndose a redactar a acta, de todo o cal, eu, como secretario, dou fe.

O alcalde
Vº e Prace

O secretario

José Luis García García

Javier Nieves González